



NARÓN

Datos do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO		
Unidade Tramitadora:		
Servizo de Deportes – MVG		
Número expediente:	Documento:	
DEP/34/2023	DEP17I0GJ	
6L335J5410626D3E0XIX		

Espazo reservado para o número de resolución
Non utilizar

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Xefa da Sección de Deportes, en data 30 de xuño de 2023, ditou o informe-proposta, que textualmente transcrito di:

“INFORME-PROPOSTA A ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación das Bases que rexerán a convocatoria de concesión de subvencións a clubs, e entidades deportivas de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2023.

ANTECEDENTES

O Concello Pleno en sesión celebrada o día 26 de outubro de 2017 aprobou a Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón, publicada no BOP número 2, o día 3 de xaneiro de 2018.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora de la Administración Local de Galicia
- Lei 5/2014, de 27 de marzo, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- RDL 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo
- Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público
- Lei 38/2003 de 17 de decembro, Xeral de subvencións e a normativa que a desenvolve.
- R.D. 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003
- Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007
- Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Narón, (BOP 3 de xaneiro de 2018)
- Informe Xurídico emitido en data 28-06-2023 (ASI17I0LF)
- Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2023

A aprobación das Bases é competencia da Alcaldía ou órgano colexiado en quen delegue esta competencia.

Por todo o exposto, a que subscribe, e seguindo instrucións do Concelleiro de Deportes, emite o seguinte,

INFORME-PROPOSTA

1º- Aprobar as Bases que rexerán a convocatoria de concesión de subvencións a Clubs e Entidades deportivas de ámbito municipal correspondentes ao exercicio 2023.

2º -Aprobar a convocatoria pública de subvencións a Clubs e Entidades deportivas de ámbito municipal correspondentes ao exercicio 2023 con cargo á partida 3410-48001, ata un máximo de 80.000,00 €, dacordo coa Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón, e co establecido nas Bases que se achegan coa presente proposta e que constan no expediente.

Non obstante, á Alcaldía adoptará o acordo que estime máis oportuno.”

Visto o informe emitido pola Intervención Xeral do Concello (ICO17I0AA), o día 22 de setembro de 2023, no que fiscaliza de conformidade o informe proposta da Xefa da Sección de Deportes (DEP17I0AK).

Despois do exposto anteriormente, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confire a Lei reguladora das bases do réxime local,

RESOLVE

1 – Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

**Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)**



*MARIAN FERREIRO DIAZ
A Alcaldesa-Presidenta
25-09-2023 20:41:59*



*ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ
CANTELI
O Secretario Xeral
25-09-2023 21:05:50*